



**Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA**

Programación de TCAD (Técnicas de Composición aplicadas a la Didáctica)

Materia Optativa 6º GP

Curso 2024-2025



Índice

1. Introducción	3
2. Curso 6º de GP. Técnicas de Composición aplicadas á Didáctica: TCAD	4
2.1. Obxectivos:	4
2.2. Contidos	4
2.3. Avaliación	5
2.3.1. Criterios de avaliación	5
2.3.2. Mínimos esixibles	6
2.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación	7
2.3.4. Criterios de cualificación	8
2.3.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	10
2.4. Medidas de recuperación	10
2.4.1. Procedementos de recuperación ordinarios	10
2.4.2. Probas extraordinarias de setembro	10
2.5. Recursos didácticos	11
3. Metodoloxía	11
4. Atención á diversidade	12
5. Temas transversais	12
5.1. Educación en valores	12
5.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)	12
6. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	13
7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica	13
8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento	13
9. ANEXOS	14

1. Introdución

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o Goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Así mesmo, a citada Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

A finalidade do grao profesional das ensinanzas de réxime especial de música é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais. Neste marco, o Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, estableceu os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música, desenvolvidos no posterior decreto de 27 de setembro.

A presenza no grao superior da especialidade de Pedagogía da Linguaxe e da Educación Musical, así coma a inclusión na proba de acceso á mesma dun exercicio compositivo con fines didácticos, xustifica a idoneidade desta materia como optativa no 6º curso de grao profesional segundo a LOE.

A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste centro.

Os coñecementos adquiridos previamente polo alumnado permitiranlle desenvolver durante este derradeiro curso determinadas destrezas de escritura, así como afondar no coñecemento dos principais elementos e procedementos da linguaxe musical e a súa relación coas técnicas compositivas, co fin de se iniciar no estudo da composición e a súa aplicación as áreas relacionadas coa Pedagogía e a Didáctica.

As Técnicas de Composición aplicadas a Didáctica (TCAD) abrangue un único curso, ofertada como materia optativa, cuns contidos centrados no estudo do sistema tonal, e deseñouse fundamentalmente para o alumnado que desexe orientarse cara á musicoloxía, á pedagogía, etc., para quen é imprescindible unha boa formación de escritura previa aos estudos do grao superior, sen que iso exclúa que a poida cursar o alumnado que desexe orientarse á interpretación.



Os procedementos diríxense non só á asimilación teórica e práctica dunha serie de coñecementos técnicos ou estilísticos, senón que pretenden dar un paso de cara a creación de pezas adaptadas a diferentes niveis tanto da Linguaxe musical como da ensinanza do propio instrumento.

O ensino debe permitir a práctica da composición libre, fundamental para o desenvolvemento da espontaneidade creativa.

2. Curso 6º de GP. Técnicas de Composición aplicadas á Didáctica: TCAD

2.1. Obxectivos.

O ensino de TCAD terá como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

1. Coñecer os principais elementos e procedementos de creación por imitación.
2. Utilizar os principais elementos e procedementos estudados do contrapunto libre.
3. Compor pequenas obras que traballen aspectos didácticos concretos.
4. Estudar as aplicacións pedagóxicas na composición.
5. Realizar pequenas obras libres para estimular o desenvolvemento da espontaneidade creativa.
6. escoitar internamente os elementos e os procedementos estudados, tanto na análise de pequenas pezas como cancións a capela ou con acompañamento pianístico ou outro instrumento polifónico.
7. Identificar os procedementos aprendidos a través da audición de pequena pezas ou de exercicios escritos.
8. Tocar nun instrumento polifónico a forma esquemática dos procedementos compositivos básicos estudados.
9. Tocar nun instrumento polifónico os traballos realizados. Coñecer os elementos da linguaxe musical e as súas aplicacións na práctica compositiva.

2.2. Contidos.

- Revisión de regras harmónicas xerais.
- Tipos de imitación. O canon e a súa aplicación pedagóxica.

- Composición de pequenas obras a partir de esquemas harmónicos dados.
- Composición de pequenas obras libres que empreguen textura de melodía acompañada e formas breves.
- A canción. A relación texto música e funcións pedagóxicas.
- O acompañamento da melodía ao piano e a súa capacidade didáctica.
- Estudo analítico de contidos a partir da análise de cancións e pequenas pezas.
- Práctica auditiva e instrumental dos elementos e dos procedementos aprendidos que conduza á súa interiorización.
- Fórmulas rítmicas na elaboración de células, motivos, semifrases e frases.
- A melodía: relacións interválicas, direccionalidade, rexistro e fraseo. A súa función didáctica.

2.3. Avaliación.

Haberá tres tipos de avaliación: Inicial, procesual e final.

A avaliación inicial será levada a cabo nas dúas primeiras semanas de curso e terá como finalidade recoñecer os coñecementos previos, sendo para os/as estudantes unha actividade de repaso que dará ao profesorado información sobre cal debe ser o xeito óptimo de iniciar o curso.

A avaliación procesual terá lugar ao longo de todo o curso, coa corrección individualizada dos exercicios escritos, ao final do primeiro e segundo trimestre poderá haber probas obxectivas de avaliación e emitírase unha nota para que estudantes e familias queden informados da marcha do curso até ese momento.

A avaliación final é a que dará como resultado a nota de fin de curso.

Do resultado de todas as avaliacións quedará constancia no seguimento mensual da programación.

2.3.1. Criterios de avaliación.

- A. Compór pequenas obras a partir dun esquema harmónico dado con carácter didáctico.
- B. Realizar pequenas obras libres para estimular o desenvolvemento da espontaneidade creativa.



- C. escoitar internamente os elementos e os procedementos estudados, tanto na análise de obras como na realización de exercicios escritos.
- D. Aplicar as técnicas compositivas e os procedementos básicos para a elaboración de exercicios e pequenas composicións con propósito pedagóxico.
- E. Saber definir os elementos da linguaxe musical e as súas aplicacións na práctica compositiva.
- F. Atopar mediante a análise de obras os elementos da linguaxe musical de carácter didáctico presentes nas mesmas.
- G. Saber compoñer pezas breves partindo de: un motivo, unha melodía ou un texto. Preténdese que o alumnado aborde a composición de pezas breves con destreza e coherencia a partir dos elementos dados.
- H. Amosar creatividade na composición de pezas libres.
- I. Adaptación dos exercicios ao nivel pedagóxico plantexado.

Valorarase a iniciativa do alumnado á hora de afrontar o proceso creativo e o interese das súas propostas.

2.3.2. Mínimos esixibles. poner junto a los criterios de evaluación

Minimos esixibles xunto a cada criterio de avaliación:

- A. Compor pequenas obras a partir dun esquema harmónico dado con carácter didáctico.*

O alumnado deberá de ser capaz de realizar as composicións baseadas nun esquema armónico dado para piano.

- B. Realizar pequenas obras tanto de estilo libre coma predeterminado para estimular o desenvolvemento da espontaneidade creativa.*

O alumnado terá que compoñer como mínimo unha peza de estilo libre ou determinado por trimestre, cumprindo as directrices da docente .

- C. escoitar internamente os elementos e os procedementos estudados, tanto na análise de obras como na realización de exercicios escritos.*

O mínimo esixible sería recoñecer a forma da peza, o seu modo e os instrumentos.



D. Aplicar as técnicas compositivas e os procedementos básicos para a elaboración de exercicios e pequenas composicións con propósito pedagóxico.

Realizar un acompañamiento ao piano dunha melodía dada concordando a linguaxe armónica coa mesma e cun ritmo regular.

E. Saber definir os elementos da linguaxe musical e as súas aplicacións na práctica compositiva didáctica.

O alumnado deberá saber secuenciar os elementos da linguaxe musical en niveles académicos.

F. Atopar mediante a análise de obras os elementos da linguaxe musical de carácter didáctico presentes nas mesmas.

Extraer dunha obra un concepto da linguaxe musical e secuencialo nun curso pedagóxico.

G. Saber compoñer pezas breves partindo de: un motivo, unha melodía ou un texto. Preténdese que o alumnado aborde a composición de pezas breves con destreza e coherencia a partir dos elementos dados.

Poder elaborar polo menos 8 compases partindo dun motivo dado.

H. Amosar creatividade na composición de pezas libres.

Os traballos terán que presentar practicidade na súa interpretación instrumental.

I. Adaptación dos exercicios ao nivel pedagóxico plantexado.

Os traballos terán que ser posibles de realizar para o nivel máis baixo plantexado.

2.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación será continua: valorarase o traballo de aula así como a realización dos traballos encargados para a casa, para iso contarase coa puntuación dos traballos de análise e composición realizados durante o curso, que serán un mínimo de seis traballos, dous por cada avaliación e ademais, no caso de considerarse necesario, poderanse empregar unha ou dúas sesións á resolución de exercicios breves (de entre os propostos nos criterios de avaliación) que conteñan as dificultades propias da programación para este curso. Ao remate de cada trimestre o/a profesor/a poderá

propoñer un exercicio deste tipo a realizar na aula como proba obxectiva de avaliación. Esta proba poderá avaliar un ou varios dos criterios de avaliación, se o profesorado o considera oportuno. Cun mínimo de dúas semanas de antelación, explicárase ao alumnado o tipo de exercicio que deberá realizar.

Nos supostos de alumnado que se **presente a unha única proba final**, dita proba constará de dúas partes:

Parte A: consistirá na presentación e defensa de 6 traballos de composición propios que se correspondan cos contidos conceptuais deste 6º curso.

Parte B: consistirá na realización dunha de estas dúas probas:

1) Realización dun Canon vocal adaptado a un determinado curso de linguaxe musical de Grao Elemental.

2) Realización dunha canción a unha voz adaptando texto e música con acompañamento pianístico adaptada a un determinado curso de linguaxe musical de Grao Elemental.

Os criterios mínimos para superar dita proba serán os seguintes:

- Emprego das técnicas compositivas estudadas correctamente e con coherencia.
- Adaptación pedagóxica das composicións tendo en conta os diferentes niveis de linguaxe musical así como as diferentes idades.

2.3.4. Criterios de cualificación

a) Escritura 75%

Valoraranse: *Criterios A, B, D, G, H*

- Corrección e coherencia nas fórmulas harmónicas.
- Realización correcta de cadencias e enlaces armónicos.
- Uso das técnicas compositivas.
- Melodías estruturadas e acompañamentos axeitados ao carácter da composición e da súa didáctica.
- Adaptación texto e música.

b) Outras destrezas: 25%. Criterios C, E, F, I

- Demostrar coñecemento dos elementos da linguaxe musical en cada curso de grao elemental.
- Adecuación pedagóxica dos resultados.
- Analizar: recoñecer en obras ou exercicios os elementos estudados.
- Actitude: participación activa e produtiva nas clases.

No caso de presentarse á **proba extraordinaria de xuño** os criterios de cualificación terán a seguinte ponderación.

a) Defensa dos 6 traballos de composición presentados 50%

Valoraranse:

Aplicación das técnicas compositivas axeitadas en cada peza, conferíndolle interese artístico e corrección técnica acorde co nivel de dificultade da linguaxe musical no que se enmarque.

Claridade na exposición da defensa, ben sexa oral ou escrita.

b) Exercicio escrito: 50%

Valoraranse:

- Corrección e coherencia nas fórmulas harmónicas.
- Realización correcta de cadencias e enlaces armónicos.
- Uso das técnicas compositivas.
- Melodías estruturadas e acompañamentos axeitados ao carácter da composición e da súa didáctica.
- Adaptación texto e música.

Serán propostos ao longo do curso diversos traballos e actividades optativas que non restarán nota ao alumnado senón que serán tidos en conta de xeito positivo exclusivamente e serán determinantes á hora de facer os redondeos cando a nota estea a 4 décimas do seguinte número enteiro.

Probas de acceso: Está materia non será avaliada nas probas de acceso a ningún dos cursos do grao profesional xa que só se imparte en 6º. Recomendamos ao aspirante que se informe de todas as materias das que será avaliada na proba de acceso e que para preparar as probas consulte as respectivas programacións.



2.3.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.

Dado que esta materia se imparte no último curso do grao profesional non procede o trámite de ampliación de matrícula.

2.4. Medidas de recuperación.

En Técnicas de Composición aplicadas á Didáctica a avaliación é continua. Ao longo do curso os alumnos poderán ir recuperando os obxectivos non acadados, o profesorado facilitará exercicios de nivel progresivo para os alumnos que precisan recuperar.

2.4.1. Procedementos de recuperación ordinarios.

Exercicios do tipo dos explicados no apartado de procedementos e ferramentas de avaliación.

2.4.2. Probas extraordinarias.

Consistirán en exercicios do tipo dos explicados no apartado de procedementos e ferramentas de avaliación.

a) Presentación de 6 traballos de composición 50%

Valoraranse:

Aplicación das técnicas compositivas axeitadas en cada peza, conferíndolle interese artístico e corrección técnica acorde co nivel de dificultade da linguaxe musical no que se enmarque.

Claridade na exposición da defensa, ben sexa oral ou escrita.

b) Exercicio escrito: 50%

Valoraranse:

- Corrección e coherencia nas fórmulas harmónicas.
- Realización correcta de cadencias e enlaces armónicos.
- Uso das técnicas compositivas.
- Melodías estruturadas e acompañamentos axeitados ao carácter da composición e da súa didáctica.
- Adaptación texto e música.

2. 5. Recursos didácticos

Recursos Bibliográficos:

1. Nuevo lenguaje musical 1º a 4º Grado elemental.

Ed. Si b Ed. Ampliada. Gabriel Robles Ojeda/ Mª Victoria Robles Martín

2. El lenguaje de la Música 1º a 4º Grado elemental

SDM. Ana Mª Navarrete Porta/ Manuel Moreno Buendía

3. Cancioneiro Musical de Galicia

Fundación Barrié de la Maza. Casto Sampedro y Folgar

4. Musicalización de textos

Enclave creativa. Maria Ángeles Chacón/ Emilio Molina

Recursos de Aula:

Aparte do material convencional de cada aula é positivo dispor de:

- Equipo de música.
- Pantalla intelixente
- Ordenador/dispositivo electrónico móbil con editor de partituras.

3. Metodoloxía.

A metodoloxía empregada será a da aprendizaxe significativa e funcional, sempre partindo da base e experiencia do propio alumno. Aínda que as clases podan ser colectivas sempre será imprescindible a atención individualizada, combinando estes dous tipos de traballos. Tratarase en todo caso de interrelacionar a utilidade desta materia con outras que estean cursando ou que cursen mais adiante.

A alternancia entre momentos de metodoloxía maxistral e participativa contribue a interiorización dos contidos e a interrelacionar a teoría coa práctica, acadando desta maneira os obxectivos da asignatura.

4. Atención á diversidade

Os alumnos que chegan a estes cursos compatibilizan os estudos musicais cos estudos da E.S.O, Bacharelato ou Formación Profesional. Todo isto, as idades e o instrumento que tocan determinará a diversidade do alumnado. Desde a aula atenderemos eventualmente os diversos intereses dos rapaces e rapazas procurando sobre todo buscar actividades adaptadas as diferentes necesidades do alumnado, na medida en que estas se adapten aos contidos do curso.

Cada caso valorarase e considerarase para determinar as posibilidades de intervención. Poderemos facer adaptacións curriculares non significativas.

5. Temas transversais

5.1. Educación en valores

Á parte dos valores universais de respecto e convivencia que afectan aos ámbitos da educación ambiental, da educación para a igualdade, da educación para a paz, da educación para o lecer, da educación do consumidor e da educación moral e cívica, que sempre son traballados nas clases individuais e colectivas, nas aulas traballaremos especialmente para que os alumnos adquiren coñecementos e habilidades para ser capaces de valorar a música desde un punto de vista estético e artístico.

5.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

O centro debe contar con algún equipo informático con conexión a Internet a disposición de profesores e alumnos. Para esta materia a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, busca de partituras, arquivos de audio, ou libros especializados, etc. A biblioteca- fonoteca- videoteca do centro convértese no lugar máis adecuado para a obtención de información, deberemos animar e axudar aos alumnos a utilizar este espazo con aproveitamento. É recomendable usar na aula tecnoloxías da información e da comunicación, sempre que contemos con recursos que nolo permitan.

6. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Estas actividades estarán organizadas ou coordinadas polo centro, ou colaborando con outras entidades alleas, e estarán relacionadas con aspectos propios das ensinanzas de música: Cursos especializados, asistencia a concertos ou ensaios de agrupacións de música, visita a museos ou similar, concertos fora do centro, etc.. Os alumnos e alumnas e os seus responsables legais estarán informados con anterioridade de tódolos datos pertinentes. Nestas actividades, organizadas para motivar aos alumnos e alumnas e mellorar a súa educación, se resaltarán, ademais valores de respecto e convivencia, entre outros.

7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Mensualmente destinarase a lo menos unha hora para valorar e revisar o desenvolvemento e o resultado das programacións didácticas. Mensualmente cada profesora redactará un pequeno informe que inclúa: os procesos de ensino e a súa práctica docente en función da súa adecuación co alumnado, así como co logro dos obxectivos do grao e das materias. Esta avaliación incluírá polo menos, os seguintes aspectos: a adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ás características e necesidades do alumnado; as aprendizaxes acadadas polo alumnado; as medidas de atención á diversidade aplicadas; o desenvolvemento da programación; a organización da aula e o aproveitamento dos recursos do centro e os procedementos de avaliación do alumnado. Ao final de curso cada profesor informará ao xefe de departamento do grao de consecución da programación didáctica e das propostas que sexan oportunas.

8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

A avaliación interna do departamento farase na segunda metade do curso en base ao grao de consecución das programacións didácticas e a enquisas realizadas aos alumnos, que serán deseñadas no propio departamento ao comezo de cada curso.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



9. ANEXOS

Probas de acceso: Está materia non será avaliada nas probas de acceso a ningún dos cursos do grao profesional xa que só se imparte en 6º.